

Téndose enviadas reiteradas notificacións á Comunidade de Propietarios do edificio co núm. 31 da rúa Mondoñedo ó enderezo aportado a tales efectos, non podéndose levar a cabo.

De seguido, procédese a transcribi-lo contido da notificación ós efectos sinalados no art. 59-5 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, do 26 de novembro de 1992:

"Cédula de notificación"

"CONSTRUCCIONES SANLE LUGO, S.L.", solicitou desta Alcaldía licenza municipal para a apertura de oficina de empresa construtora con garda de vehículos, que se vai situar na rúa Mondoñedo núm. 33, baixo.

En cumprimento do disposto no apartado a), do núm. 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, para que as persoas que se consideren afectadas dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer, poidan formula-las reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

O expediente pode consultarse, durante as horas de oficina, no Servizo de Licenzas deste Concello, onde se atopa de manifesto.

O que lle comunica a Vde. como veciño inmediato ó lugar onde se pretende situa-la mencionada actividade".

Lugo, 19 de maio de 2005.- O ALCALDE, P.D. O TENENTE DE ALCALDE - DELEGADO DA ÁREA (Decretos Alcaldía núm. 98/2004 e 103/2004), José Ramón Gómez Besteiro.

R. 02597

Téndose enviadas reiteradas notificacións a don Francisco Veiga Franco ó enderezo aportado a tales efectos, non podéndose levar a cabo.

De seguido, procédese a transcribi-lo contido da notificación ós efectos sinalados no art. 59-5 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, do 26 de novembro de 1992:

"Cédula de notificación"

Don José Luis García García, solicitou desta Alcaldía licenza municipal para a apertura dunha pescadería, que se vai situar na rúa Mallorca núm. 10, baixo.

En cumprimento do disposto no apartado a), do núm. 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, para que as persoas que se consideren afectadas dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer, poidan formula-las reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

O expediente pode consultarse, durante as horas de oficina, no Servizo de Licenzas deste Concello, onde se atopa de manifesto.

O que lle comunica a Vde. como veciño inmediato ó lugar onde se pretende situa-la mencionada actividade".

Lugo, 19 de maio de 2005.- O ALCALDE, P.D. O TENENTE DE ALCALDE - DELEGADO DA ÁREA (Decretos Alcaldía núm. 98/2004 e 103/2004), José Ramón Gómez Besteiro.

R. 02598

MEIRA

Anuncio

De conformidade co artigo 49 da Lei 7/85, por non se presentar reclamación algunha durante o período de exposición ao público, elevase a definitivo o acordo provisional adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 6 de abril de 2005, relativo á nova ORDENANZA XERAL REGULADORA DAS SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE MEIRA. Procédese a publicación do texto completo de dita ordenanza, entrando en vigor transcorrido 15 días dende a súa publicación no BOP, conforme o establecido no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85.

ORDENANZA XERAL REGULADORA DAS SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE MEIRA.

O 18 de febreiro de 2004, entrou en vigor a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), (BOE nº 276, de 18/11/03).

A disposición transitoria primeira de dita norma establece a obriga de proceder á adecuación da normativa reguladora da concesión de subvencións ó réxime xurídico establecido na mesma, no prazo de un ano a partir da entrada en vigor da Lei.

O artigo 3.1 b) da Lei inclúe ás entidades que integran a Administración Local no ámbito da súa aplicación subxectiva, impondo o artigo 9 a obriga de aprobar con carácter previo ó outorgamento das subvencións, as bases reguladoras da concesión nos termos previstos na Lei.

Por último, o art. 17.2, sinala que as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar, entre outros medios, a través dunha ordenanza xeral de subvencións.

En cumprimento das previsións legais anteriores esta ordenanza diríxese a regular con carácter xeral as bases de concesión de subvencións polo Concello de Meira.

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación:

Esta ordenanza fixa os criterios e procedementos relativos á concesión de subvencións outorgadas polo Concello de Meira, cara ao desenrolo e empurre de certas actividades, dentro do ámbito da súa competencia, e ó abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 2. Concepto.

Terá a consideración de subvención, toda disposición dineraria gratuíta que outorgue a Corporación con

cargo aos orzamentos municipais, suxeita a un determinado obxectivo (execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenrolar) ou debido a concurrencia dunha situación, sempre co gallo de fomentar a cooperación entre o sector público e o privado, individual ou colectivo, na procura dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, permitindo así dalgún xeito a participación dos cidadáns na actuación municipal.

O beneficiario, en consecuencia, deberá cumprir as obrigas materiais e formais que se establecen nesta ordenanza e nas normas das convocatorias específicas.

Artigo 3.- Principios.

a) O outorgamento das subvencións terá carácter voluntario e eventual, non será invocable como precedente e non será esixible aumento ou revisión da subvención.

b) A concesión e xestión das subvencións suxeitarase os principios de concurrencia, obxetividade, igualdade, publicidade, e transparencia, eficacia no cumprimento dos obxetivos fixados pola Corporación e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

c) Non se concederán subvencións para finalidades que o Concello poida cumprir por si mesmo con igual eficacia e sen maior gasto que o representado pola subvención.

d) En ningún caso poderá outorgarse subvencións por contía superior á determinada na convocatoria e ao crédito orzamentario existente.

e) As subvencións nominativas que figuren no orzamento municipal non supoñen que o beneficiario teña dereito a súa percepción, unicamente vincula aos efectos do importe máximo da subvención que podería outorgar o concello, previo acordo ou convenio onde se especifiquen as condicións e contía da achega.

Artigo 4.- Réxime xurídico.

Os procedementos de concesión de subvencións para as actividades que se indican na presente ordenanza, deberán axustarse a esta norma, e no non previsto nela, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e demais normativa legal aplicable.

Artigo 5.- Beneficiarios.

5.1.- Terán a consideración de beneficiarios das subvencións:

a) As persoas físicas empadroadas no Concello de Meira que realicen a actividade que fundamente o seu outorgamento e/ou que se atopen na situación que lexitime a súa concesión.

b) As persoas xurídicas sen ánimo de lucro, así como os membros asociados da mesma, que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión da subvención en nome e por conta da persoa xurídica.

c) As agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou cal-

quer outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen ánimo de lucro que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos ou actividades que motivan a concesión da subvención.

5.2.- Nos casos b) e c) do apartado anterior requirese que acrediten que a súa sede social se atope no Concello de Meira, desenvolvendo nel, prioritariamente o exercicio da súa actividade, e estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, ou no seu defecto, Rexistro autonómico e domiciliadas no concello de Meira. Excepcionalmente eximirase de cumprir o dito requisito ás asociacións ou entidades que a xuízo do órgano competente desenvolvan labores de recoñecido e marcado carácter educativo, deportivo, cultural ou benéfico, e as Comisións de Festas xuridicamente constituídas así como aquelas nas que concorran os presupostos establecidos no artigo 11.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Artigo 6.- Obrigas dos beneficiarios:

Os beneficiarios deberán atermos as seguintes obrigas:

1º. Previamente á concesión:

a) Solicitar a achega acreditando ante o Concello de Meira o cumprimento dos requisitos e condicións para a súa obtención, nos termos indicados nesta ordeanza e nas bases específicas.

b) Acreditar estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.

c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello, agás que non rematara o prazo específico para facelo.

2º. Concedida a subvención:

a) Aceptar a subvención en 15 días hábiles dende a recepción da notificación, se non entenderase rexeitada.

b) Xustificar a realización da actividade e finalidade que determine ou determinou, a concesión da subvención, nos termos que se indicarán.

c) Someterse as actuacións de comprobación e facilitar os datos que se lle requiran a tales efectos pola Administración.

d) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil ou sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantan o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto da actuacións de control e comprobación.

f) Dar adecuada publicidade e difusión da financiación polo Concello de Meira das actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención.

3º. Outras obrigas:

a) Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.

b) Proceder o reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Artigo 7.- Actividades ou proxectos subvencionables.

Poderán ser subvencionables as actividades programadas nas convocatorias específicas, especialmente as referidas ás áreas de:

a) **Cultura:** Calqueira actividade relacionada coas artes, as ciencias e as letras, así como as actividades de animación socio-cultural, especialmente as de ocio e tempo libre, destinadas ao fomento da creatividade e participación vecinal, as realizadas por peñas, etc., así como os espectáculos musicais, formacións corais e música folk.

b) **Deporte:** Son subvencionables os gastos derivados da organización de actos e actividades deportivas ou relacionadas coa promoción do deporte.

c) **Medio Ambiente:** Actividades encamiñadas a protección do medio ambiente urbano e natural e a promoción de todo tipo de actividade que se dirixa especialmente a esta protección. Tamén actividades formativas, de información e participación dos veciños.

Artigo 8.- Publicidade.

As convocatorias de subvencións que se aproben, deberán axustarse en todo caso as presentes normas, facendo especial indicación das mesmas.

Deberán fixar necesariamente os contidos que se relacionan no artigo 23 da Lei Xeral de Subvencións, e publicarse no taboleiro de edictos deste Concello e no BOP.

Artigo 9.- Principios xerais.

Con carácter xeral e sen prexuízo dos criterios propios que se establezan nas respectivas convocatorias, a distribución das achegas deberá respetar en todo caso as seguintes prioridades:

a) Interese xeral da actividade e beneficio para os cidadáns de Meira.

b) Inexistencia ou déficit de actividades análogas. Orixinalidade da mesma.

c) Viabilidade fronte beneficio xeral da actuación a financiar.

d) Actividades que sen a subvención serían de difícil posta en funcionamento.

Artigo 10.- Principios económicos.

As respectivas convocatorias fixarán as contías máximas das subvencións susceptibles de concesión, imputables as partidas orzamentarias e cos créditos dis-

ponibles, atendendo en todo caso, ao establecido nas bases de execución do orzamento municipal.

A contía da subvención poderá vir determinada de forma individualizada ou ben resultar de aplicación de porcentaxes destinados a gastos ou actividades que se fixen na convocatoria.

En calqueira caso, a contía máxima subvencionable non poderá superar o importe solicitado nin o do total da actividade.

Sempre que así se estableza na respectiva convocatoria, o importe non concedido poderá prorratearse entre os beneficiarios da convocatoria, sen superar o importe máximo global.

Será a convocatoria a que determine o réxime de compatibilidade ou incompatibilidade para a percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a realización de pagos a conta ou pagos anticipados. Estes últimos suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

No caso da non previsión na respectiva convocatoria, o pago da subvención realizarase previa xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade ou proxecto.

Artigo 11. Iniciación.

1. O procedemento iniciarase de oficio, previa convocatoria aprobada polo órgano competente municipal, tralo que se presentarán as solicitudes no Rexistro de Entrada do Concello, que deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Declaración xustificando a necesidade da subvención solicitada, e no seu caso, especificación do importe.

b) Memoria das actividades para as que solicita subvención, co orzamento detallado por actividades e/ou partidas, e calendario da mesma.

c) Declaración formal das subvencións solicitadas ou percibidas doutras institucións públicas ou privadas para esa mesma actividade.

d) Acreditar estar ao corrente das obrigas coa Facenda Publica e coa Seguridade Social.

e) Calquera outra documentación ou xustificación que, a efectos de comprobación ou concreción de datos, poida acordarse nas respectivas convocatorias de concesión das subvencións.

f) Certificado do número de conta da entidade bancaria a que se transferira a subvención caso de ser beneficiario.

g) De tratarse de asociacións e outras entidades, ademais do anterior:

- Acordo do órgano competente da entidade solicitando a subvención, acompañando os datos de constitución, domicilio e CIF da mesma. Caso de ser entidades sen personalidade xurídica, sinatura da relación de

persoas que integran o colectivo, acompañado de fotocopia do DNI dos membros.

- Poder do representante da entidade, ou caso de entidades sen personalidade xurídica, nomeamento dun representante que asumira perante o concello as obrigas correspondentes, con fotocopia do seu DNI.

- Declaración do representante legal da entidade de non atoparse inhabilitado para contratar coas Administracións Públicas ou para obter subvención das mesmas.

2. Sempre que así se estableza nas convocatorias, se poderá admitir a substitución da presentación de determinados documentos por unha declaración responsable do solicitante, se ben con anterioridade á proposta de resolución de concesión requiríraselle a presentación da documentación suplida nun principio con dita declaración, nun prazo máximo de 15 días.

3. Si a solicitude no reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, requirírase ao interesado para que subsane no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que de non facelo teráselle por desistido da súa solicitude previa resolución que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992.

Artigo 12. Órgano de instrucción.

A instrucción do procedemento de concesión de subvencións corresponderá ao órgano designado na convocatoria, podendo ser o técnico do servizo municipal ou o concelleiro da área. Realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

Artigo 13. Órgano colexiado de valoración.

A valoración das solicitudes efectuarase pola comisión de valoración cuia composición e funcións detalláranse nas normas específicas da convocatoria.

Estará composto como mínimo, polo Sr. Alcalde como presidente, ou Concelleiro en que delegue, un Concelleiro, os técnicos municipais competentes por razón da materia se os houbera. Actuará como secretario da Comisión un auxiliar administrativo da Corporación, sen voz nin voto.

Dita comisión trala comparativa das solicitudes presentadas dacordo cos criterios da convocatoria, emitirá informe de valoración e prelación das mesmas como proposta da concesión, non vinculante.

Artigo 14. Propostas de resolución provisional e definitiva. Audiencia.

O órgano instructor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse aos interesados na forma que estableza a convocatoria, tales como tablóns de anuncios, notificacións ordinarias, por correo electrónico, e se concederá un prazo de dez días para presentar alegacións.

Se poderá prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin nutras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que consta que da información que obra no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder as achegas.

Tralo trámite de audiencia, formulará proposta de resolución definitiva na que expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión das achegas e a súa conta, avaliación e criterios de valoración.

As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito algún a favor do beneficiario proposto, fronte a Administración, mentres non se lle notifique a resolución definitiva da concesión.

Artigo 15. Órgano concedente.

A proposta de concesión formularase polo órgano colexiado, a través do órgano instructor, ao órgano concedente, que sexa competente segundo a lexislación local e organización municipal.

Artigo 16. Resolución.

Cumpridos os preliminares que esixe o artigo 9 da LXS, e os indicados nos preceptos anteriores, dictarase resolución que conterá o solicitante ou relación de solicitantes ós que se concede a subvención, e a desestimación do resto das solicitudes.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo se computará a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que a mesma posponga os seus efectos a unha data posterior.

Transcorrido o prazo máximo sen notificarse a resolución, os interesados poderán entender desestimada por silencio administrativo a solicitude da concesión da subvención.

Artigo 17. Publicidade das subvencións concedidas.

Deberase publicar a relación das concedidas no taboleiro de edictos do Concello e no diario de maior difusión da provincia, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención. Ademais, cando o importe individual de ditas subvencións supere os 3.000 euros, publicarase no BOP. Todo elo sen prexuízo doutros medios que poidan preverse na convocatoria específica.

Non se procederá a publicación dos datos do beneficiario cando por razón do obxecto da subvención, poida ser contraria o respecto e salvagarda da honra, a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, e cando así se preveza na convocatoria reguladora.

Artigo 18. Concesión directa.

De conformidade coa normativa, poderán concederse de forma directa, sen necesidade de convocatoria pública, as seguintes subvencións:

a) As previstas nominativamente no orzamento do Concello.

b) Aquelas das cales o seu outorgamento ou contía veña imposta a Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese pública, social, económica ou humanitaria; ou outras debidamente xustificadas, que dificulten a súa convocatoria pública.

Artigo 19. Gastos subvencionables.

Se consideran gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan a natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido nas convocatorias. Os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto ou actividade subvencionada e os de administración específicos, son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) Os xuros debedores das contas bancarias.
- b) Xuros, recargos e sancións administrativas ou penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.
- d) Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) Impostos pessoais sobre a renda.

Salvo que o órgano concedente a través da aprobación das convocatorias estableza o contrario, segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei Xeral de Subvencións, se considerará gasto realizado o que fose efectivamente aboado durante o período que se estableza na respectiva convocatoria.

Artigo 20°. Pago.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto o beneficiario, ademais de xustificar a realización da actividade ou obxectivo, non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social caso de sobrevivirle, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

De resultar debedor da Facenda Municipal poderase aplicar a compensación co que lle corresponda.

Os expedientes deberánse remitir á Intervención Municipal co informe que acredite a adecuación da documentación solicitada ao proxecto ou actividade subvencionada e as bases da convocatoria.

Artigo 21°. Xustificación obxectivo.

Un acto obrigatorio do beneficiario é a rendición da conta xustificativa nas oficinas municipais, no prazo indi-

cado na convocatoria, no seu defecto no máximo de tres meses dende a finalización do programa ou actividade subvencionado e en todo caso antes do 15 de decembro de cada ano.

A xustificación conterà a seguinte documentación:

- Declaración das actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e grado de consecución, baixo a responsabilidade do declarante, de que se realizaron segundo o programa ou proxecto presentado.

- Custo final co desglose de cada un dos gastos inco- rridos.

- Facturas orixinais ou copias compulsadas debidamente conformadas (datadas no exercicio económico para o que se concedeu a subvención, conter o número de identificación fiscal do perceptor, selos e sinaturas dos subministradores). No seu caso outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

- Exemplares, notas de prensa, etc... onde conste o patrocinio do concello ou, no seu defecto, declaración ou constancia de haberse feito.

- Fotocopias compulsadas dos acordos de concesión doutras axudas.

Artigo 22. Xustificación persoal.

As subvencións que se concedan en atención a concurrencia dunha determinada situación no preceptor, non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquer medio admisible en dereito de dita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que poidan establecerse para verificar a súa existencia.

Artigo 23. Reintegro

O órgano concedente será o competente para esixir do beneficiario o reintegro das subvencións mediante a resolución do procedemento regulado na LXS, se apreciase os supostos previstos no artigo 37 da lei.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de doce meses dende a data do acordo de iniciación.

Prescribirá ós canro anos o dereito da Administración a recoñecer ou liquidar o reintegro, computándose segundo o establecido no artigo 39 da lei.

Artigo 24. Infraccións.

Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na lei xeral de subvencións e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

Atenderáse en canto á tipificación e procedemento ó previsto no título IV da citada lei.

Art. 25. Interpretación.

Será competencia da Alcaldía a interpretación e resolución das dúbidas que da presente ordenanza poideran resultar.

Disposición adicional primeira.

As achegas por razóns de emerxencia social que pode outorgar o concello de Meira, en atención á situación económica ou social dos preceptores, non quedan suxeitas ao disposto na presente ordeanza posto que non responden a unha actuación de fomento.

A situación de emerxencia social será acreditada polos servicios sociais sen prexuízo dos controis que se podan establecer para verificar a mesma.

A tramitación destas axudas será a que segue:

- a) Aprobación dunhas bases pola Alcaldía informadas polos servicios sociais.
- b) Informe dos servicios sociais sobre a conveniencia e necesidade das axudas e a súa prelación, no seu caso.
- c) Concesión das axudas pola Alcaldía.
- d) Xustificación dos gastos mediante facturas, no prazo máximo de tres meses, debendo ser informados polos servicios sociais favorablemente.
- e) Aprobación de ditos gastos pola Alcaldía.

Disposición adicional segunda:

Fora do casos de emerxencia social, cando por razón da natureza da actividade a subvencionar ou das características da actividade non sexa posible promover a concorrencia pública, as axudas outorgaranse, previa tramitación do correspondente expediente, polo órgano municipal competente, no que se fará constar debidamente as razóns que xustifiquen dita excepción, así como o xeito en que debe xustificarse a aplicación dos fondos percibidos, non podendo en ningún caso ser este superior a 3.000 euros.

Disposición adicional terceira.

Non están comprendidas na aplicación desta ordeanza as aportacións dinerarias en concepto de cotas, tanto ordinarias como extraordinarias que efectúe o concello a favor de asociacións ás que se refire a disposición adicional quinta da Lei 7/85, concretamente as aboadas á FEMP e FEGAMP.

Disposición adicional cuarta.

As axudas para costear os gastos dos festexos tradicionais e populares, que se concedan ás comisións que tradicionalmente se encargan da súa organización, non se someterán ao principio de concorrencia, en virtude do interese público e social dimanante das mesmas, sen prexuízo dos condicionantes que se establezcan na concesión.

Ditas axudas outorgaranse directamente pola Xunta de Goberno Local, non sendo aboadas ata a aprobación por dito órgano dos documentos xustificativos dos gastos, que se remitirán ao Concello no prazo non superior a un mes dende ditos celebracións.

Disposición adicional quinta.

A concesión das subvencións a que se refire a presente ordenanza non implicará relación contractual nin-

gunha de carácter civil, laboral, administrativo ou de calquera outro tipo entre o Concello e a persoa ou entidade beneficiaria da subvención.

Disposición final.

A presente ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno, se publicará no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor transcorrido 15 días dende a súa publicación, conforme o establecido no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei reguladora de Bases do Réxime Local.

Meira, a 24 de maio de 2005.- O Sr. Alcalde-Presidente, Rosendo Folgueira Valle.

R. 02475

MONFORTE DE LEMOS**Anuncio**

O Pleno da Corporación con data 31 de maio do 2005, prestou aprobación inicial ós orzamentos do Concello e do Instituto Municipal de Drogodependencias e a plantilla de persoal do exercicio 2005. O expediente estará exposto na Intervención deste Concello por un prazo de quince días para o seu exame e reclamacións.

Monforte de Lemos, a 1 de xuño de 2005.- O ALCALDE, Severino Rodríguez Díaz.

R. 02606

MONTERROSO**Información pública**

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 3 de maio de 2005 dos proxectos técnicos "Abastecemento de augas en Sindrín parroquias dos Ferreiros (Monterroso)" e "Pavimentación y servicios en rúa Caracacho", expónense ao público polo prazo de vinte días hábiles a efectos de exame e reclamacións. De non formularse en tempo hábil entenderase definitivo o acordo inicialmente adoptado.

Monterroso, 11 de maio de 2005.- O Alcalde, Antonio E. Gato Soengas.

R. 02371

NEGUEIRA DE MUÑIZ**Anuncio**

Formulada y rendida la Cuenta General del presupuesto de esta Corporación correspondiente al ejercicio 2004, e informada por la Comisión especial de cuentas, se expone al público con los documentos que la justifican en la Secretaría de esta entidad, por espacio de quince días hábiles, contados a partir del día siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, al objeto de que los interesados legítimos puedan examinarla y formular por